

Luis Lamela García, historiador especializado en temas relacionados coa represión franquista

Luis Lamela García achegouse onte polo instituto Fernando Blanco de Cee para colaborar nos actos da Semana Cultural. Alí, faloulles ós alumnos de Bacharelato sobre «A represión franquista na Costa da Morte». Lamela García ten publicados

cinco libros relacionados coa represión e os anos da dictadura e, ademais, está a traballar en tres novos proxectos sobre o tema. Cree fundamental conserva-la memoria histórica e opina que nas aulas «non se fala o suficiente deste tema».


«Non se fala o suficiente deste tema»

Luis Lamela amosábase ilusionado momentos antes de dirixirse ós rapaces do instituto ceense.

—¿Que tenta transmitir ós rapaces con esta charla?

—Falamos sobre a represión na Costa da Morte. No ano 1936 producíronse aquí uns feitos, unha reacción dunha xente en contra da sublevación militar pero que nunca chegou a ser radical, nin extrema. Sen embargo, despois, cando se produciu a sublevación a reacción dos militares e das forzas políticas que os respaldaron foi sanguenta. Colleron aqueles responsables políticos e sindicais que lideraran as protestas e foron fusilados e encarcerados. A charla rememorou os feitos que se produciron no 36 e estiveron silenciados durante 40 ou 50 anos pola propia dictadura.

—¿Fálase o suficiente destes temas nas aulas?



M.S.

Lamela García falou para os alumnos do Fernando Blanco de Cee

—Non. Non se fala o suficiente deste tema. Hai unha rémora que persiste. Durante a dictadura foi como se non

pasase. Na democracia, por conveniencias políticas, tamén levou o silencio e, dalgún xeito, certificou o silen-

cio da dictadura. Parece que os únicos que tiñan que perder eran mortos dun bando.

—Daquela, ¿habería que facer moito neste senso?

—Un dos principios fundamentais é coñecer a historia. Dela vimos e se non a coñecemos podemos tropezar nela e face-lo mesmo. Hai que estar vixiantes. É fundamental que, igual que coñecemos outros períodos da historia cunha profundidade enorme, coñezamos tamén eses momentos que foron e son condenables.

—¿Ten algunha nova publicación en vista?

—Varios proxectos avanzados. Estou facendo un traballo novelado sobre os escapados de O Pindo. Tamén traballo nunha especie de diccionario biográfico da guerrilla galega e un terceiro sobre a represión en Santiago. Están na fase de redacción, pero non teño présa.